



CPR Plurilingüe "Nuestra Señora del Carmen" (ATOCHA)

direccion@atochabetanzos.com

cpr.carmen.betanzos@edu.xunta.es

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR PLURILINGÜE NTRA. SRA. DEL CARMEN
ETAPA: EDUCACIÓN INFANTIL
DATA: 11/05/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe de EI

Criterio de avaliación	Indicadores específicos
Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	4ºEI: Sinala as partes principais do seu corpo./ Logra un esbozo da figura humana, diferenciando: cabeza e corpo, brazos, mans, pernas e pes. 5ºEI : Chega á representación completa do esquema corporal. 6º EI: Debuxa a figura humana respectando as proporcións.
Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.	5º de EI: Ten iniciativa e intenta executala 6º de EI: Mostra satisfacción polas súas accións e producións.
Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.	5º de EI: Manexa as tesoiras axeitadamente.
Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.	4º de EI: Identifica as cores.
Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.	4º de EI: Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes estados de ánimo./ Solicita axuda para resolver conflitos. 6º de EI: Solicita axuda para resolver conflitos
Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	4º de EI: Esfórzase na realización das tarefas. 5º de EI: Coñece e respecta as normas da escola./ Amósase constante na súa actividade. 6º de EI: Actúa autonomamente.
Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	4º de EI: É autónomo/a no coidado de si mesmo/a. 5º e 6º de EI: Ao rematar unha actividade individual, ordena o material.
Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.	6º de EI: Inicíase no emprego do calendario para sinalar feitos significativos da súa vida
Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno e algunhas características da súa organización.	4º de EI: Amósase conciliador/a cando xorde un conflito. 5º de EI: Maniféstase integrador/a: comparte material, cede ante os conflitos, colabora co resto do grupo... 6º de EI: Maniféstase integrador/a: comparte material, cede ante os conflitos, colabora co resto do grupo/Gústalle compartir xogos cos compañeiros e compañeiras
Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relación sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.	5º de EI: Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.

Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	5º de EI: Mantén unha actitude de escoita e respecto cara ás demais persoas.
Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais	4º de EI: É orixinal na súa expresión 6º de EI: Traballa con interese con calquera tipo de material.
Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.	4º e 6º de EI: Participa activamente nas representacións e no xogo dramático. 5º de EI: Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal. 4º e 5º de EI: Participa activamente na interpretación de danzas colectivas e individuais.
Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes	6º de EI: Mostra interese polos textos escritos presentes no seu contorno.
Producir diferentes textos individualmente ou en grupo –con escritura convencional ou non–, iniciándose no uso do teclado para a codificación, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, entretemento...	6º de EI: -Reproduce, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos. - Reescribe, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos.
Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...	6º de EI: Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
Saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu propio vocabulario.	6º de EI: Escoita con interese os diferentes relatos lidos na aula
Respectar os signos e os símbolos relixiosos do seu contorno.	6º de EI: Valora a oración como a mellor maneira de falar con Deus
Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.	4º de EI: -Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira. - Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira. - Emprega expresións convencionais de cortesía

	<p>de despedida na lingua estranxeira.</p> <p>4º e 5º de EI: Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.</p> <p>5º de EI:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos. - Emprega expresións convencionais de cortesía. -Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua. - Emprega expresións de agradecemento na lingua estranxeira. <p>6º de EI:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira. -Amosa interese por coñecer aspectos da lingua e cultura estranxeira. -Emprega expresións convencionais de cortesía para desculparse na lingua estranxeira. - Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida.
Saber observar os referentes relixiosos do seu contorno.	4º,5º,6º de EI: Identifica o acontecemento que celebramos en Semana Santa: a morte e a resurrección de Xesús.
Respectar os signos e os símbolos relixiosos do seu contorno.	<p>4º de EI: Recoñece a cruz como símbolo que nos lembra a Xesús.</p> <p>4º ,5º e 6º de EI: Valora a oración como a mellor maneira de falar con Deus.</p> <p>6º de EI:Coñece a existencia da Biblia como o libro máis importante para os cristiáns.</p>
Familiarizarse cunha primeira síntese de fe.	<p>4º de EI: Recoñece a María como nai de Xesús e dos cristiáns.</p> <p>5º de EI: Recoñece o sentido e o valor dalgunhas das festas en honor a María.</p> <p>5º e 6º de EI:Recoñece a figura de María como a muller elixida por Deus para ser a nai de Xesús.</p>
<p>-Adquirir o gusto polo bo obrar.</p> <p>- Appreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia.</p>	<p>5º de EI: Expresa, mediante a canción, a alegría de ter a Xesús como amigo.</p> <p>6º de EI:Valora a importancia de pedir perdón e de facer as paces para sentirse ben</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>avaliamos ó alumnado tendo en conta a evolución dos dous trimestres pasados e as tarefas realizadas dende a casa, tendo rexistro dos traballos polos rapaces e rapazas por video conferencias e correos electrónicos e titorías.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Informes de avaliación do 1º e 2º trimestre2. Observación a través das video conferencias3. Fotos das tarefas diarias que mandan as familias4. Titorías coas familias

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>4º de EI: As familias reciben a diario as tarefas específicas do día, de reforzo e ampliación das actividades de lóxico matemáticas, lectoescritura, grafomotricidade e actividades artísticas. Ademais lévanse a cabo actividades grupais a través de video conferencias, conta contos, experimentos, escenificacións...</p> <p>5º de EI : Cada semana envíaselles ás familias as directrices a traballar ó longo dela. A parte realízanse video conferencias grupais e individuais onde se traballan o reforzo e ampliación das actividades de lóxico matemáticas, lectoescritura, grafomotricidade e actividades artísticas. Tamén se levan a acabo diferentes manualidades , cancións, conto...</p> <p>6º de EI: Cada semana envíaselles ás familias as directrices a traballar ó longo dela .A parte fanse video conferencias grupais e individuais para explicar as actividades da semana nas que se recollen os traballos de reforzo e ampliación das actividades de lóxico matemáticas, lectoescritura, grafomotricidade e actividades artísticas, algúñas das actividades da semana fanse en grupo, trabállanse dictados e lectura compartida . Cada semana proponse os/as nenos/as un reto.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Neste caso ningún dos/as alumnos/as ten problemas de conectividade polo que nos tres cursos manteñense con eles video conferencias onde se fai especial fincapé en crear un ambiente cercano e afectivo.</p> <p>Debido a este estado de alarma que estamos vivindo temos en conta as necesidades de cada familia , polo que a temporalización será flexible.</p>
Materiais e recursos	<p>Empréganse os libros dos/as alumnos/as. Vídeos de youtube ou grabados pola mestra, o ordenador , móbiles ou tablets, o programa para video conferencias "Cisco Webex Meetings "e o correo electrónico.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A través de video conferencias grupais e individuais cos nenos e nenas, ademáis de manter o contacto coas familias por correo electrónico e video conferencias
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro e as diferentes redes sociais

